

8M Día Internacional da Muller 2021

EOI de Vilagarcía

I Andaina 'Sendas cara a igualdade'

Do 8 ó 26 de marzo

Edición virtual - Bases de participación

*



1. Andaina aberta a alumnado, profesorado e persoal non docente da EOI de Vilagarcía no curso 2020-2021.

2. Na andaina poderá participar tamén exalumnado e persoas pertencentes á comunidade educativa da EOI de Vilagarcía, así como doutras EOIs de Galicia, de centros de ensino da contorna, e outras institucións relevantes, e calquera persoa do público en xeral que teña interese en participar.

3. Tódalas persoas participantes deberán inscribirse de xeito individual **até o xoves 4 de marzo** a través [deste formulario](#).

4. Non hai cota de participación.

5. As persoas participantes recibirán o dorsal numerado da andaina por email para a súa impresión ou ben, de non poder imprimilo, indicaranos no formulario e poderán pasar a recollelo na conserxería da EOI de Vilagarcía, en horario de 9.00 a 20.00, a partir do luns 8 de marzo.

6. Todas as persoas participantes dispoñen de 15 días, entre o 8 e o 26 de marzo de 2021 para facer a andaina. Poderán realizar calquera distancia na localidade que desexen.

7. As persoas participantes se comprometen en todo momento a seguir as restricións en materia sanitaria que prevalezan no seu lugar de participación. [Ver restricións vixentes](#).

8. Para difundir a actividade, cada participante deberá compartir coa EOI Vilagarcía unha fotografía na que apareza o seu dorsal, tomada ó inicio, durante ou ó final da andaina, por un ou varios dos seguintes métodos de participación:

- Twitter: subindo a foto e mencionando a Escola no corpo do tuit: @EOIVilagarcia

- Instagram: subindo a foto ou unha historia etiquetando nela a Escola: @eoivilagarcia

**Nota: cómpre mencionar a escola polo seu usuario (@) e non a través de temáticas ou hashtag (#). As contas privadas non permiten á EOI ver as publicacións.*

- Email: de non poder facelo polos outros dous métodos, poden enviar a foto a eoi.vilagarcia@edu.xunta.gal, con asunto: Foto andaina

9. Independentemente do método de participación (Twitter, Instagram ou email), é necesario que as fotografías inclúan:

- Imaxe do dorsal e/ou da persoa participante co dorsal, ó inicio, durante ou ó final da andaina.
- Localidade onde se fixo a andaina.
- Nas redes sociais, para maior difusión, incluír os hashtags:
#eoi #igualdade #8M #diainternacionaldamuller

10. Coas súas imaxes, as persoas participantes poderán entrar no sorteo dos obsequios por categorías: unha camiseta da EOI Vilagarcía serigrafiada con frases sobre a igualdade, resultado da actividade 'Frases sobre a igualdade', polo Día Internacional da Muller. A actividade de 'Frases sobre a igualdade' se publicará proximamente e estará aberta á participación do alumnado desde o día 8 de marzo até o 26 de marzo.

11. As categorías de participación para o obsequio da andaina son as seguintes:

- Fotografía máis orixinal relacionada coa temática da igualdade.
- Fotografía enviada desde a localidade máis afastada da EOI Vilagarcía.
- Fotografía con maior distancia camiñada: alumnado da EOI Vilagarcía.
- Fotografía con maior distancia camiñada: profesorado da EOI Vilagarcía.
- Fotografía con maior distancia camiñada: persoal non docente da EOI Vilagarcía.
- Fotografía con maior distancia camiñada: público en xeral

12. Ademais do incluído no punto 9, se as persoas participantes desexan optar ás categorías maior distancia camiñada deberán asegurarse de que na imaxe aparezan os quilómetros camiñados (app, smartwatch, móvil...), e poderán participar tantas veces como desexen e enviar tantas fotos como queiran, pois se terán en conta os quilómetros de maneira acumulada.

13. Segundo o volume de participación, a categoría de "Fotografía máis orixinal relacionada coa temática da igualdade" poderá ser valorada polo Equipo de Culturais da EOI de Vilagarcía, composto polas Xefaturas dos Departamentos, a persoa encargada do EDLG e a Vicedirección.

14. As fotografías recibidas ou seleccionadas poderán ser usadas pola EOI Vilagarcía para a promoción da actividade en diversos formatos a través dos medios de difusión cos que conta a escola (ementemente páxina web, redes sociais e prensa).

15 Contactarase directamente coas persoas gañadoras das categorías para informarlles da entrega dos obsequios, a través dos métodos de comunicación cos que conta a escola.

16. A participación na I Andaina pola Igualdade da EOI de Vilagarcía '*Sendas cara a igualdade*' implica a aceptación das presentes bases.